



31 de marzo de 2016

Estimados pais:

O Equipo de Pastoral, seguindo a programación deseñada para este curso, facémosvos partícipes do **proxecto solidario** que se está a desenvolver no Colexio.

Concretamente neste curso, axudaremos a una escola ubicada en Sullana (Perú) en diversos ámbitos: elevar o nivel nutricional do comedor, mellorar materiais que condicionan a educación dos nenos e tamén acontribuir ao desenvolvemento integral dos nenos máis vulnerables. A todos eles vai dirixida a nosa axuda e o noso compromiso.

Nesta ocasión faremos un **MERCADO SOLIDARIO DE LIBROS DE LECTURA USADOS**.

Desexamos que brote a solidariedade en todos, que os alumnos participen motivados e con ilusión, xa que un dos nosos principais obxectivos é que sexan sensibles ás necesidades dos outros e saiban compartir lembrándose de algo tan simple e sinxelo como o que vos propoñemos:

Pedímosvos a vosa colaboración para que doedes aqueles libros que teñades na casa e que xa non vos fagan falta, (só libros de lectura, xa que os libros de texto se recollerán a final de curso).

Con estes libros doados, montaremos o mercado de libros que abrirá as súas portas durante os recreos do **18 ao 22 de abril**, onde os alumnos a partir de 1º de Primaria podrán mercar aqueles libros que máis lles gusten. Este ano, a librería solidaria tamén abrirá de 17,30 h. a 18,00 h. o mércores 20 de abril para os pais que o desexen.

Os libros teñen un precio único de 1 €.

Todos aqueles que queirades participar doando os libros podeades facelo mandándoos polos vosos fillos á súa clase correspondente **antes do 13 de abril**, para poder clasificalos e organizalos.

Esperamos que esta actividade sirva para que todos poidamos traballar en equipo, e nos conciencie no valor da solidariedade.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo.

O Equipo de Pastoral